



O PSdeG de Portomarín lamenta que o PP votase en contra da Radioterapia e Hemodinámica no pleno e “non sexan quen de priorizar aos veciños por riba do partido”

A voceira socialista, Silvia Rodríguez, lembra que noutros concellos da comarca o voto dos populares foi a favor da mesma moción do PSOE. “Isto demostra que aquí son máis papistas que o Papa, e que Feijóo os ten abducidos e non lles deixa ver máis aló das súas narices, ata o punto de caer nunha grave irresponsabilidade”

O PSdeG-PSOE de Portomarín califica de “grave irresponsabilidade” a posición do PP no pleno municipal celebrado este xoves, despois de que os populares votaran en contra da moción socialista para esixirlle á Xunta os servizos de Hemodinámica e Radioterapia no HULA. Así, a voceira socialista no concello, Silvia Rodríguez, lamenta que “non sexan quen de priorizar aos veciños por riba do partido”.

Rodríguez lembrou asimesmo que noutros concellos da comarca, o voto do PP foi positivo e apoiaron unha moción “nun tema que é gravísimo, crucial para os e as lucenses e no que se está a xogar a saúde dos nosos veciños”. Por iso, a socialista ve aínda máis grave a actitude do PP en Portomarín. “Isto demostra que aquí son máis papistas que o Papa, e que Feijóo os ten abducidos e non lles deixa ver máis aló das súas narices, ata o punto de caer nunha grave irresponsabilidade”.

O PP argumentou para votar en contra que Feijóo é un home de palabra e que nunca mentiu, polo que cumprirá a súa promesa, e que ademais o momento económico é complicado. “Non tiñan razóns para votar contra unha esixencia que o único que pretende é conseguir que acaba dunha vez a discriminación de Lugo con respecto a outras provincias”, explica Silvia Rodríguez.

O PSdeG-PSOE segue a presentar iniciativas en todos os concellos da provincia e no Parlamento, e a comezos de xaneiro porá en marcha a recollida de firmas xunto cos veciños para levar á Cámara galega a esixencia da dotación destes servizos para o hospital lucense.

Lugo, 28 de decembro de 2012

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013